

MÁIS DE 40.000 PERSOAS CON CANCRO RECIBIRON TRATAMENTO NA UNIDADE DE ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA DO MEIXOEIRO

- *O servizo analiza este sábado todas as súas liñas de actividade nunha xornada de autoavaliación e actualización á que asisten oncólogos radioterápicos de prestixio internacional*
- *Actualmente ten en marcha catro aceleradores lineais a pleno rendemento dotados dos principais avances tecnolóxicos*

Vigo 26 de outubro de 2018.- Desde a súa posta en funcionamento en maio de 1997, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital do Meixoeiro tratou a máis de 40.000 pacientes, a maior parte dos cales recibiron terapia contra o cancro mediante aceleradores lineais provistos da tecnoloxía máis avanzada. Para analizar a actividade desenvolta por este servizo e poñer sobre a mesa as súas expectativas de futuro no tratamento das doenzas oncolóxicas, a Unidade vai celebrar este sábado unha Xornada de Autoavaliación e Actualización que, xunto coa participación dos seus propios profesionais, contará coa intervención de relatores de renome internacional, entre os que se prevé a presenza de Álvaro Martínez, xefe do Servizo de Oncoloxía Radioterápica do 21 st Century Oncology Center de Michigan, creador da radioterapia guiada por imaxe, que actualmente está comezando a investigación en humanos do pioneiro estudo do tratamento do Alzheimer con radiacións.

O obxectivo fundamental deste encontro é facer un repaso dos diferentes aspectos que constituíron o desenvolvemento desta unidade, desde unha óptica asistencial, técnica, profesional e científica e ao mesmo tempo amosar cara a onde quere camiñar este servizo, motivo polo que forman parte do programa da xornada expertos en liñas tan innovadoras no campo da oncoloxía radioterápica como a terapia de protóns e os novos aceleradores provistos de resonancia magnética ou a aplicación da medicina xenómica no tratamento do cancro.



Neste último apartado, o da oncoxenómica, vaise contar coa presenza dos investigadores galegos Manuela Gago e Esteban Castela, actualmente inmersos nun proxecto científico mundial de gran envergadura denominado Bridges, co obxectivo de lograr información xenética precisa de 50.000 mulleres para definir un algoritmo que permita medir a probabilidade que ten cada unha de padecer cancro de mama. Previamente, estes dous

especialistas interviñeron noutro traballo, a través do Consorcio Galego do Cancro de Mama (Breogán), no que se manexaron mostras de 275.000 mulleres afectadas por esa enfermidade, dúas mil das cales foron proporcionadas pola Unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital do Meixoeiro.

Sobre a terapia de protóns, que é outra das liñas de futuro da radioterapia, falará, por unha banda, Marisa Ogando, directora xeral de Bioterra, empresa que representa en exclusiva para España á Compañía IBA, fabricante de equipos de terapia de protóns e á firma Raysearch, produtora de sistemas de planificación. Nese mesmo apartado intervirán José Ramón Sánchez, executivo en España de Mevion Medical Systems, fabricante de equipos de terapia de protóns, algúns dos cales poden ser adaptables a unha unidade de radioterapia convencional, e Jaime Gutiérrez de Calderón, director xeral de Varian Medical System Ibérica, empresa que tamén fabrica ese tipo de equipamento.

O programa da Xornada de Autoavaliación inclúe outros apartados sobre investigación, radiofísica, radiocirurxía ou o uso da radioterapia na neuralxia de trixémimo, así como mesas específicas para médicos, radiofísicos, psicóloga, técnicos, administrativos ou de satisfacción de usuarios.

Aceleradores avanzados

Actualmente, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital do Meixoeiro ten en marcha catro aceleradores lineais a pleno rendemento, xunto cun radioquirófano no que se realizan braquiterapias de alta e baixa taxa de dose para moi diversas patoloxías. Tres dos seus catro aceleradores lineais son de última xeración e levan incorporados os principais avances tecnolóxicos existentes na radioterapia máis desenvolta actualmente. Ademais de aplicar radioterapia con intensidade modulada de dose (IMRT), con estes equipos realízase radiocirurxía corporal (SBRT) e dispoñen de sistemas de arcoterapia volumétrica de intensidade modulada (VMAT), unha tecnoloxía pola cal o feixe de radiación adáptase á arquitectura do tumor virando ao redor do paciente de maneira ininterrompida.

Estes modernos aceleradores contan ademais con sistemas de radioterapia guiada por imaxe en tres dimensións, unha técnica coa que se toman imaxes 3D, antes do tratamento e mesmo durante a administración da radiación, co fin de comprobar o perfecto posicionamento do paciente respecto das coordenadas establecidas na fase de planificación inicial.

A Unidade deu este ano un paso máis en materia de precisión dos tratamentos ao incorporar no mes de marzo pasado, ao seu acelerador True Beam, o máis avanzado dos catro, un sofisticado sistema de radiocirurxía apoiado nun mecanismo que verifica de forma submilimétrica a colocación do paciente, denominado ExacTrac.

En definitiva, a tecnoloxía que empregan estes equipos está pensada para conferirilles unha extraordinaria exactitude na administración de dose e para afinar ao máximo a radiación en volumes cada vez máis pequenos, sen afectar os tecidos sans circundantes.

Con este equipamento de vangarda este servizo dá resposta a unha demanda de tratamentos que supera os 170 pacientes ao día e que supón aplicar ao redor de 40.000 sesións de radioterapia a máis de dous mil persoas cada ano.

Vinte e tres anos de experiencia

A Unidade de Oncoloxía Radioterápica tratou o seu primeiro paciente o 23 de maio de 1997, data na que dispoñía de dous aceleradores lineais. En outubro dese mesmo ano incorporou as técnicas de radiocirugía esteretáxica, de referencia para toda Galicia naquel momento, coas que se trataban tumores cerebrais moi pequenos cunha alta dose de radiación e unha gran precisión. Posteriormente a radiocirurxía estenderíase a outras partes anatómicas.

No ano 2001 púxose en marcha un radioquirófano, no que comezaron a realizarse procedementos de braquiterapia de alta taxa, que consisten en achegar ou introducir as fontes radioactivas no tumor a través de agullas. No ano 2011 engadiuse á carteira de servizos a braquiterapia de baixa taxa, consistente en depositar dentro do tumor sementes radioactivas.

En abril de 2003 incorporouse á Unidade un terceiro acelerador lineal (Primus) e en novembro de 2006 o cuarto acelerador, un Oncor, que actualmente segue en activo para tratamentos sinxelos.

En novembro de 2014 comezou a funcionar o acelerador Synergy, que supuxo un paso cualitativo moi importante para a Unidade e en marzo de 2016 iniciouse o tratamento de pacientes co acelerador lineal True Beam, que está catalogado como un dos aceleradores máis avanzados do mundo.

Finalmente, en abril deste ano entrou en funcionamento o Clinac, este último, xunto co True Beam adquirido a través do denominado socio tecnolóxico e en parte custeado pola Fundación Amancio Ortega.

Todas as actividades que compoñen o complexo funcionamento da Unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital do Meixoeiro serán coordinadas e controladas por un único sistema denominado Rede Aria; unha ferramenta coa que xa contaba este servizo desde hai tempo pero que está pendente de implantar dunha forma integral nos próximos meses.

Baixo o control deste sofisticado instrumento de xestión oncolóxica compaxinarase a actividade de planificadores, simuladores, aceleradores lineais, sistema de citación de pacientes, consultas, datos médicos e as imaxes clínicas obtidas antes, durante e despois da terapia, entre outros moitos parámetros desta complicada cadea de tratamento.

Ata o 31 de decembro de 2017 recibíronse na Unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital do Meixoeiro 43.906 solicitudes de tratamento, das cales 37.571 corresponderon a teleterapia, 4.056 a braquiterapia e 2.279 a radiocirurxía. Ata esa data finalizáronse neste servizo un total de 35.087 pacientes.